



CONCELLO DA MEZQUITA

BANDO

AXUDAS PARA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS, CONFEDERACIÓNS, FEDERACIÓNS, ASOCIACIÓN DE MULLERES E OUTROS

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que con data 15 de xaneiro de 2025, saíu publicada no DOGA n.º 9 Orde de 30 de decembro de 2024 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2025, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia (código de procedemento PR487A).

1.-Beneficiarios.- Asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas, debidamente inscritas no rexistro público correspondiente e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

2.-Obxecto e liña de axudas:

Liña 1.- As obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais en que a entidade veciñal ou de mulleres rurais desenvolva a súa actividade e as obras de mellora, reforma.

Liña 2.- Adquisición de equipamentos básicos dos locais, necesarios para o funcionamento ordinario da entidade, integrado por mobiliario, equipamentos de oficina, equipamento informático ou equipamento acústico e audiovisual.

3.-Importe das axudas:

Poderá comprender a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras (liña 1) e de 5.000 euros para a dotación de equipamentos (liña 2).

4.-Forma e prazo presentación das solicitudes:

De forma electrónica ata o 17 de febreiro 2025

Enlace: (DOG páxina 3458): https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/mostrarContenido.do?ruta=/2025/20250115/Secciones1_gl.html&paginaCompleta=false&fecha=15/01/2025&compMenu=10102

En A Mezquita, a 20 de xaneiro de 2025.
O ALCALDE,
(documento asinado dixitalmente na marxe)

Asdo: Rafael Pérez Vázquez

